



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

BRIÓN

Aprobación padrón prezo público actividades Concilia Verán e Campamento Verán 2026

ANUNCIO

Mediante resolución de alcaldía de data de 13 de agosto de 2026 aprobose o padrón das actividades concilia verán e campamento verán 2026.

De acordo co disposto no artigo 102.3 da Lei 58/2003, de 17 de decembro, xeral tributaria, notifícanse colectivamente os recibos derivados destes padróns

De conformidade coa ordenanza xeral de ingresos municipais de dereito público, expóranse ao público nun prazo de 20 días, contados a partir do primeiro día do período de pago en voluntaria destes padróns, para que se poidan presentar as reclamacións pertinentes.

De acordo co artigo 14.2 c) do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei das facendas locais, contra o acordo de aprobación dos padróns e das súas liquidacións poderase interpor recurso de reposición no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ao remate da exposición pública dos padróns. Contra a resolución expresa ou presunta do recurso de reposición que no seu caso se formule, poderase interpor recurso contencioso-administrativo na forma e prazos que a tal efecto se establecen na Lei 25/98 de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso administrativa.

De acordo co disposto no artigo 62.3 da lei xeral tributaria, fíxase como prazo de pago en período voluntario, dende o 20 de agosto de 2026 ao 21 de outubro de 2026.

Advírtese que transcorrido o prazo de ingreso en período voluntario, as débedas serán esixidas pola vía de constrinximento, e debeñaranse as correspondentes recargas do período executivo, os xuros de mora, e no seu caso, as costas que se produzan.

Brión, 13 de agosto de 2026

O alcalde

Pablo Lago Sanmartín

2026/5412